

Documentación relacionada coa rede de comedores escolares do concello de Ames

- 1. REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DOS COMEDORES ESCOLARES DO CONCELLO DE AMES**
- 2. ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR NOS CEIPS DO CONCELLO DE AMES.**
- 3. FICHAS DE INSCRICIÓN DE USUARIOS FIXOS**

REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DOS COMEDORES ESCOLARES DO CONCELLO DE AMES

Artigo 1.- O comedor escolar é un programa educativo promovido polo Concello de Ames, ao abeiro da normativa local vixente e das disposicións en materia educativa sobre cooperación na realización de actividades e servizos complementares, e financiado polo Concello de Ames, que se fará cargo da contratación dos monitores, e as cotas aboadas polos usuarios/as.

Artigo 2.- O programa de comedor está dirixido unicamente ao alumnado de Educación Infantil e Primaria do C.E.I.P Bispo Guerra Campos de Bertamiráns e do C.E.I.P de Ventín.

Artigo 3.- Tipos de Usuarios:

a) **Usuario Fixo:** aquel alumnado que se matricule no comedor desde setembro a xuño, *independentemente* de que utilice o servizo todos os días ou días concretos. Pódese dar de alta no momento da matrícula ou, de haber prazas, con posterioridade. Pódese dar de baixa no momento que o estime oportuno. Para isto, terá que comunicarllo ao coordinador/a do comedor nos últimos dez días do mes anterior a causar a baixa e solicitar por escrito a baixa nas oficinas municipais.

Se o usuario/a non vai utilizar algún día o servizo deberá comunicalo ao Coordinador/a de monitores/as presencialmente ou por teléfono antes das 08.30 do día que non use o servizo. De non facelo, terá que pagar o custo da comida dese día coma se fose un usuario ocasional. Se o neno/a vai utilizar o servizo de autobús para volver á casa, deberá comunicarllo ao centro por escrito.

B) **Usuario Ocasional:** aquel alumnado que, habendo praza, desexe utilizar o comedor en días soltos. Debe solicitarllo ao coordinador/a, presencialmente ou por teléfono, o día anterior antes das 20:00 horas.

O usuario ou usuaria ocasional que utilice o sistema de autobús, deberá comunicarlle ao centro, por escrito, a non utilización deste servizo.

Artigo 4.- O programa de comedor escolar incluírá, polo menos, os seguintes servizos:

- a) Servizo de comida: consistente na subministración, por medio do contrato a través dunha empresa de catering e/ou elaboración nas instalacións do centro, e distribución mediante o sistema adecuado en cada caso.
- b) Servizo de monitores: os monitores atenderán o alumnado antes, durante e despois da comida. Deberán garantir os hábitos de hixiene e facer un seguimento especial aos nenos de menor idade e aos nenos con dificultades. Á parte disto, realizarán actividades de lecer antes e despois da comida.
- c) Os monitores deixarán recollido o local destinado a comedor e limpo o mobiliario e úteis de comida, así como os espazos que ceda o centro para a realización de actividades complementares.
- d) Os monitores cubrirán un caderno de incidencias, que será o vínculo entre os pais, nais e titores e os monitores. Nel indicarán a cantidade de alimentos que inxeriu o neno ese día, así como calquera incidencia que se produza.
- e) Os menús serán elaborados por técnicos competentes en materia de alimentación e estarán axustados ás condicións dietéticas, sanitarias e hixiénicas que se esixan para atender as necesidades alimentarias dos usuarios do servizo e que estarán publicados no taboleiro do comedor e na libreta de incidencias

Artigo 5.- A petición de admisión realizarase cubrindo o impreso que se lle facilitará na escola ou nas oficinas municipais no período de inscrición nos centros de ensino. Este período comprenderá desde o inicio do período de inscrición ata o inicio do curso escolar. Durante o curso escolar poderanse recoller inscricións en calquera momento sempre que haxa prazas dispoñibles.

Artigo 6.- O número máximo de prazas dispoñibles faranse públicas no momento da inscrición. Terán prioridade os usuarios con necesidades sociais e económicas.

Artigo 7.- O concello e o centro reservan para si o dereito de admisión e de exclusión temporal ou definitiva dos alumnos que se comporten de forma incorrecta. Antes de tomar unha decisión daráselle sempre audiencia aos pais ou a quen teña a patria potestade dos menores.

Os nenos/as que acudan ao comedor deberán ter adquiridos os hábitos de educación e coñecemento adecuados á súa idade (utilización de cubertos, respecto aos monitores, coidado do material, comportamentos hixiénicos na mesa).

Os nenos e nenas deberán levar un neceser con utensilios de hixiene e limpeza bucal. Os nenos e nenas de educación infantil, e aqueles que se considere que deben levalo, aportarán tamén o mandilón.

Artigo 8.- O persoal encargado do comedor (monitorado) deberá pasar un exame médico previo á incorporación, e posuír o carné de manipulador de alimentos e acreditar formación como monitor de tempo libre ou formación no ámbito da educación.

Artigo 9.- O horario de funcionamento do comedor fixarase en función da demanda do servizo, dependendo das quendas de comida necesarias. Os nenos e nenas que usen este servizo quedarán ao coidado dos monitores desde a finalización da xornada de mañá ata o comezo da actividade escolar da tarde naqueles centros que teñan xornada partida. Nos centros con xornada continua o horario será ata as 16,30h ou 17 h. segundo o centro. No caso de que os monitores/as teñan que levar aos nenos e nenas ás actividades extraescolares, deberá comunicárselles aos monitores por escrito o lugar e hora de inicio das mesmas.

Artigo 10.- Os usuarios/as do comedor deberán notificar calquera problema de saúde (alergias e intolerancias a calquera tipo de alimento) que recupercuta na elaboración diaria da comida. Elaboraranse menús específicos para os nenos e nenas con intolerancias (celíacos,...) e terán cobertura específica para o seu coidado.

No caso dun problema vírico ocasional, no que o usuario necesite unha dieta astringente, terán que comunicarllo ao coordinador/a de monitores, presencialmente ou por teléfono, antes das 08.30 do día para o que se requira a dieta.

Se o alumno/a ten que medicarse á hora da comida, deberá traer unha certificación médica na que se especifique a cantidade e o medicamento, así como unha autorización dos pais ou titores. Non se administrarán medicamentos sen o cumprimento destes requisitos.

Non poderán asistir os usuarios con febre ou enfermidades contaxiosas.

Artigo 11.- As cotas serán aprobadas anualmente polo Concello de Ames e ca natureza de taxas, de acordo co previsto na correspondente ordenanza fiscal.

Artigo 12.- As actividades que desenvolverán os monitores/as no tempo de lecer son as seguintes:

- Actividade de videoteca/biblioteca
- Xogos Cooperativos
- Xogos de Mesa
- Actividades deportivas e de lecer ao aire libre, se o tempo o permite

Nas actividades non haberá máis de quince nenos/as por grupo.

Artigo 13.- .- As actividades desenvolveranse nos espazos cedidas polo centro e aprobadas polo consello escolar, previa petición do Concello

DISPOSICIÓN FINAIS

PRIMEIRA.- Este regulamento será aprobado polo Concello de Ames.

O Consello Escolar de cada centro nomeará unha comisión de seguimento do servizo

SEGUNDA Este regulamento entrará en vigor tras a súa aprobación definitiva, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia e transcurrido o prazo a que se refire o artigo 65.2 da Lei 7/85.

TERCERA.- Este regulamento poderá ser modificado polo mesmo órgano que o aprobou, para adaptalo ás necesidades que se detecten durante a posta en marcha do servizo.

CUARTA.- Cada centro escolar deberá ter incorporado no seu regulamento de rexime interno a autorización e funcionamento deste servizo.

DISPOSICIÓN FINAL.- A Alcaldía poderá ditar cantas ordes e instrucións resulten necesarias para a adecuada aplicación, interpretación e desenvolvemento deste regulamento.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR NOS CEIPS DO CONCELLO DE AMES.

Artigo 1. Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, polo artigo 106 de da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade có disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Ames establece a taxa pola prestación do servizo de comedor nos Centros de Educación Infantil e Primaria existentes no Término Municipal, que se rexirá pola presente ordenanza fiscal, atendendo as súas normas ao previsto no artigo 58 do citado Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Artigo 2. Feito imponible

Constitúe o feito imponible da presente taxa a actividade municipal levada a cabo para desenvolver o programa do comedores escolares, comprensivo das prestacións establecidos no regulamento municipal do servizo.

Artigo 3. Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos desta taxa os pais, tutores e demais representantes legais dos menores que utilicen o servizo de comedor escolar, nos términos establecidos na presente ordenanza.

Artigo 4. Cota tributaria

De acordo cas frecuencias de utilización dos comedores previstas no Regulamento do Servizo, distínguense as seguintes contías da taxa:

- Usuarios fixos.-
 - Con utilización do servizo todos os días: 60 €/mes.
 - Con utilización do servizo por días soltos:
 - ✓ 1 día á semana: 16 €/mes
 - ✓ 2 días á semana: 32 €/mes
 - ✓ 3 días á semana: 48 €/mes
 - ✓ 4 días á semana: 60 €/mes
 - ✓ 5 días á semana: 60 €/mes
- Usuarios ocasionais.- 4 €/día.

Artigo 5. Devengo

A obriga de pago nace cando se produza a correspondente solicitude de utilización do servizo.

Artigo 6. Normas de xestión e ingreso.

Asistencias continuadas

.- Os usuarios fixos deberán solicitar a correspondente alta no servizo, procedendo a ingresar, dentro dos dez días seguintes, a cantidade mensual correspondente en concepto de cota do mes corrente, de acordo cas contías previstas no artigo 4 da Ordenanza.

As cotas mensuais posteriores deberán ser ingresadas dentro dos dez primeiros días naturais de cada mes.

En caso de que a solicitude de alta tivera lugar máis alá do día quince de cada mes, a primeira cota mensual a abonar verase reducida nun 50 %

Asistencias ocasionais.

Os usuarios ocasionais do servizo deberán adquirir nas entidades financeiras sinaladas polo Concello o nº de bonos individuais correspondentes, - a razón de 4 € por día de utilización do servizo, de acordo co previsto no artigo-4 da presente ordenanza-

Os usuarios ocasionais vendrán obrigados a entregar ó responsable municipal designado ó efecto polo Concello en cada comedor, un bono por cada día que fagan uso do servizo.

Disposición Final

A presente ordenanza fiscal, que foi aprobada polo Pleno do Concello de Ames en sesión celebrada o día 7 de maio de 2005, e publicado o seu texto integro no Boletín Oficial da Provincia nº xx de 30-06-05, comenzará a aplicarse a partir do día xx, mantendo a súa vixencia ata a súa modificación ou derogación expresas.

SERVIZO DE COMEDOR NO COLEXIO DE VENTÍN

Nome e Apellidos _____ data
nacemento _____ Enderezo _____
Localidade _____ Tel: _____
Correo electrónico _____

COMEDOR CURSO 2005/2006

Comedor desde o mes de _____

AUTORIZACIÓN

Don/Dona _____, DNI: _____
Como (pai, nai ou titor) _____ do solicitante, COÑEZO e ACEPTO as normas
vixentes no Regulamento do comedor.

Ames, _____ de _____ de 200

Asdo:

FORMA DE PAGAMENTO

Abono en conta: 60€ mensais a aboar entre o 1 e o 10 de cada mes na Conta nº:
2091-0317-30-3110000116

**Nota: o mes de setembro pagarase entre os días 10 e 20 de ese mesmo mes*

Domiciliación bancaria

DOMICILIACIÓN BANCARIA

Don/Dona _____ autorizo ao Concello de Ames a
cargar na miña conta mensualmente a cantidade de __€ en concepto de cota de pagamento do
comedor escolar.

Conta: Banco/Caixa _____ Oficina _____ Nº Control _____ Nº Conta _____
(indicar os 20 díxitos)

Ames, _____ de _____ de 200

Asdo:

RESGARDO INSCRICIÓN COMEDOR DE CEIP DE VENTIN

Nome e apelidos _____

Ames a _____ de _____ 200

SERVIZO DE COMEDOR NO CEIP BISPO GUERRA CAMPOS

Nome e Apellidos _____ data
nacemento _____ Enderezo _____
Localidade _____ Tel: _____
Correo electrónico _____

COMEDOR CURSO 2005/2006

Comedor desde o mes de _____

AUTORIZACIÓN

Don/Dona _____, DNI: _____
Como (pai, nai ou titor) _____ do solicitante, COÑEZO e ACEPTO as normas
vixentes no Regulamento do comedor.
Ames, _____ de _____ de 200

Asdo:

FORMA DE PAGAMENTO

Abono en conta: 60€ mensais a aboar entre o 1 e o 10 de cada mes na Conta nº:
2091-0317-30-3110000116

**Nota: o mes de setembro pagarase entre os días 10 e 20 de ese mesmo mes*

Domiciliación bancaria

DOMICILIACIÓN BANCARIA

Don/Dona _____ autorizo ao Concello de Ames a
cargar na miña conta mensualmente a cantidade de __€ en concepto de cota de pagamento do
comedor escolar.

Conta: Banco/Caixa _____ Oficina _____ Nº Control _____ Nº Conta _____
(indicar os 20 díxitos)

Ames, _____ de _____ de 200

Asdo:

RESGARDO INSCRICIÓN "COMEDOR DO CEIP GUERRA CAMPOS

Nome e apelidos _____

Ames a _____ de _____ 200